



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

**REGULAMENTO DA  
CARREIRA SOLIDARIA DE  
FISIOTERAPIA 2019**

---

# PREVIO Á CARREIRA

---

**1. DATA:** A facultade de fisioterapia de Pontevedra, a Universidade de Vigo e o Concello de Pontevedra, a través do Servizo Municipal de Deportes organizan o xoves 4 de abril de 2019, a partir das 12,00 horas, a "Carreira Solidaria de Fisioterapia 2019".

**2. PARTICIPANTES E CATEGORIAS.** Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen sempre que estean inscritas, nos prazos establecidos ao efecto pola organización, e cumpran as condicións de participación.

**3. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN.** As persoas participantes comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación da proba, obrigada por causas alleas á vontade da organización.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- Certifico que estou en bo estado físico e teño pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- Eximo de toda responsabilidade á organización que puidera derivar da miña participación no evento (Ex: perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, atropelos fora do circuito, agresións,...)
- Autorizo a organización para a utilización da miña imaxe en publicacións, carteis,... para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito aos organizadores da proba.
- Conforme á L.O. 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, do que é responsable a delegación de alumnos da facultade de fisioterapia do campus de Pontevedra. A finalidade do ficheiro é levar a cabo a xestión de datos para a Carreira Benéfica de Fisioterapia así como informarlle de futuras edicións. Se desexa exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición; poderá facelo dirixíndose por escrito á dirección sinalada no punto anterior, xuntando unha fotocopia do seu DNI.

A Organización resérvase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida, ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña a Organización.

A Organización non será responsable de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou falta de forma física do/a atleta.

**4. INSCRICIÓN.** Faranse ata as 23:59 horas do día 1 de abril de 2019, non se admitirán nin inscricións posteriores nin o mesmo día da proba, e faranse a través das redes sociais ou por contacto directo cos organizadores na facultade de fisioterapia ou no correo-e facilitado [fisiofiestas18@gmail.com](mailto:fisiofiestas18@gmail.com) . O custo da inscrición será de 2€ por participante e esta será persoal e intransferible. Todo o recadado será doado á asociación de parálisis cerebral Amencer-Aspace de Pontevedra.

Para a inscrición serán necesarios os seguintes datos: Nome e apelidos, dni, idade e si pertence á universidade (Alumno, PDI ou PAS) ou non.

---

# DURANTE A XORNADA DA CARREIRA

---

**5. COMO CHEGAR EN COCHE AO LUGAR DA SAÍDA.** O núcleo da proba terá lugar na Facultade de Fisioterapia e arredores polo que o mais axeitado será, en caso de ir en coche, ir ata o propio Campus de Pontevedra nas coordenadas 42.440609, -8.635969 .

**6. A ENTREGA DE DORSAIS.** Farase na facultade de Fisioterapia de Pontevedra o propio 04/04 en horario de 9.30 a 11,45 horas.

**7. VESTIARIOS.** Os participantes terán acceso aos vestiarios da propia facultade de fisioterapia. Non nos faremos cargo dos posibles obxectos perdidos aínda que non creemos que ningunha persoa poida ter algún problema deixando ahí as súas pertenzas. Tamén estarán dispoñibles as duchas situadas nos propios vestiarios.

**8. SERVIZOS SANITARIOS E SEGURO DE ACCIDENTES.** Todas as persoas participantes estarán cubertas cunha póliza de "Seguro de Responsabilidade Civil" e dun "Seguro de Accidentes".

**9. PERCORRIDO.** Terá unha lonxitude de aproximadamente 2'7 km ao longo la Illa das Esculturas, polo que será un camiño de terra/area pola que se poderá correr sen ningún problema. Todos os corredores terán que ter extremada precaución cas pontes de madeira xa que pode ser que as táboas esteñan esvaradizas.

**10. AVITUALLAMENTO.** Ao remate facilitarase o avituallamento sólido e líquido axeitado.

**11. DESCUALIFICACIÓNS.** A Organización poderá descualificar a quen non realice o percorrido completo, a quen non teña dorsal, a quen manipule a publicidade do dorsal, a quen manifeste un mal estado físico evidente ou a quen manifeste un comportamento non deportivo ou que se reitere en protestas.

**13. PERSOAS NON INSCRITAS.** Toda aquela persoa que corra sen estar inscrita, fanno baixo a súa responsabilidade e non estarán cubertas pola Organización. Se é advertida a súa presenza se lle instará a abandonar o circuíto.

# POSTERIOR Á CARREIRA

---

**14. OUTROS.** Na liña de meta, os participantes terán avituallamento sólido e líquido, duchas na facultade de fisioterapia e a partires das 13h haberá postos de comida e bebida.

**15. PREMIOS.** Xa que o noso propósito non é crear unha proba competitiva senon que difundir o deporte da man da nosa asociación, non haberá un trofeo ao gañador da proba se non que se realizarán sorteos entre todos os participantes da mesma ao finalizar.

**16. PROTOCOLO DE PREMIACIÓN.** A cerimonia efectuarase a partir das 13.00 horas na zona de meta. O/A atleta con dereito aos premio deberá estar presente na mesma, ou terá que delegar nalgunha persoa que llo recolla. Se non estivese presente, entenderase que renuncian ao premio material.

**17. PARA MAIS INFORMACIÓN.** Máis información a través dos alumnos organizadores da Facultade de fisioterapia, no correo-e [fisiofiestas18@gmail.com](mailto:fisiofiestas18@gmail.com) ou nas nosas redes sociais, facebook "Fernando Mariño (Fisioalumnos Pontevedra)" e instagram @fisiofiestas18.

# RECORRIDO CARREIRA BENÉFICA DE FISIOTERAPIA 2019



**PATROCINADORES PRINCIPAIS**

---



**COORGANIZADORES**

---



**UNIVERSIDADE  
DE VIGO**

**ORGANIZADOR**

---



**UNIVERSIDADE  
DE VIGO**

**FACULTADE DE  
FISIOTERAPIA**